

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruiz, María Isabel  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Lantarón Caeiro, Eva  
Lesmes Romero, Yolanda  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Miguez Tabarés, José Luis  
Pozo Triviño, María Isabel del  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rivo López, Elena  
Rubio Armesto, Belén  
Valcárcel Fernández, Patricia  
Valderrama Santomé, Mónica  
**DECANOS/DIRECTORES**  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Currás Valle, Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
Formella, Arno  
García Cutrín, Francisco Javier  
García Fontán, María Soledad  
Pardo Froján, Juan Enrique  
Peña Gallego, María de los Ángeles  
Pérez Vázquez, María Consuelo  
Río Otero, Coral del  
Rodríguez Domínguez M<sup>a</sup> del Mar

### PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada  
Araujo Nespereira, Pedro Antonio  
Durán Barbosa, Rafael  
López Mira Álvaro Xosé  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

### ESTUDANTES

Lima González, Estela

### PAS

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Larriba Leira, Elvira  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José  
Vera Isasa, María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Cruz González, María Montserrat  
Michinel Álvarez, Humberto  
Montero Reguera, José Francisco  
Ruiz Hidalgo, María del Carmen

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 11 de maio de 2023, convocada para ás 10:30 h. en primeira convocatoria e ás 11:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 11:00 do día 11 de maio de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da proposta de interpretación da acreditación como “mérito preferente” nos concursos de prazas de Axudante Doutor para o curso 2023/2024.
2. Aprobación, se procede, da proposta de asignación de horas de docencia das distintas figuras de persoal investigador.

### 1. Aprobación, se procede, da proposta de interpretación da acreditación como “mérito preferente” nos concursos de prazas de Axudante Doutor para o curso 2023/2024.

O reitor explica que estaba convocada unha mesa de negociación previa que houbo que desconvocar por coincidir coa xornada de reflexión nas eleccións sindicais, malia que se celebrará posteriormente.

Traéronse ao Consello de Goberno os mais urxentes. Cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, Patricia Valcárcel, que alude á nova Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU):

*“Disposición transitoria terceira. Adaptación de las acreditaciones vigentes*

1. *La acreditación vigente de Profesor/a Ayudante Doctor/a o de la figura equivalente en la normativa autonómica, se considerará como un mérito preferente, durante los cuatro años*



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

*posteriores a la aprobación de esta ley orgánica, a efectos del acceso a la figura de Profesor/a Ayudante Doctor/a”.*

Para o curso 2023/24 propónse interpretar esta referencia á palabra “preferente” do xeito mais literal posible, segundo o dicionario. De xeito que se ao concurso concorren persoas candidatas acreditadas que presenten un CV na área á que se vincula a praza de Axudante Doutor, terán prioridade na orde de prelación para a provisión da praza sobre os non acreditados.

Álvaro López Mira pregunta polo rol das áreas afíns. O reitor explica que as áreas afíns, así como as non afíns, se determinan en xeral previamente, contando a metade os méritos e que, no caso de área afín, non se aplicaría a preferencia.

Marta Pazos pregunta pola precipitación de traer estes puntos ao Consello de Goberno e que a proposta non estaba na documentación. Alude á mesa de traballo específica de méritos onde tampouco se tratou e manifesta a súa contrariedade. O reitor explica que esta proposta é para o ano actual e pregunta se está de acordo coa proposta. Marta Pazos comenta que calquera comisión podería interpretar a DT 3ª sen necesidade de traer este punto ao Consello de Goberno. O reitor pensa que así se aporta maior seguridade xurídica.

Consuelo Pérez Vázquez cuestiona que o criterio de preferencia se aplique sen mais, cando pode haber currículos mais potentes de persoas non acreditadas, fronte a outras acreditadas. Entende que debería ser mérito preferente só en caso de igualdade entre candidatos. O reitor, malia que comparte a inqueda manifestada, sinala que a letra da norma é clara ao respecto e que non se pode obviar, pero que se pode votar a proposta (que sería a proposta B, fronte a anterior que sería a proposta A). Lembra que a lei se refire a acreditación como Axudante Doutor e explica brevemente as razóns que levaron ao lexislador a tomar esta decisión. Patricia Valcárcel entende que poden presentarse problemas xurídicos. Álvaro López Mira entende que isto pode afectar á decisión dos departamentos que sacaron as prazas para un concurso determinado, pero o reitor aclara que todas están afectadas por esta modificación da LOSU, porque saíran á vez.

García Cutrín pide que quede clara a redacción da proposta na documentación que se envíe ás comisións, á hora de propoñer ou non persoas candidatas, en particular, se poden deixar prazas baleiras de haber persoas candidatas acreditadas.

Votación:

Proposta A: 31

Proposta B: 3

Abstención: 1

Apróbase por maioría.

## **2. Aprobación, se procede, da proposta de asignación de horas de docencia das distintas figuras de persoal investigador.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, Belén Rubio, que alude á Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación:

*“Artículo 22. Contrato de acceso de personal investigador doctor*

*1. Los contratos de acceso de personal investigador doctor se celebrarán en el marco de un itinerario de acceso estable al Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación, de acuerdo con los siguientes requisitos: (...)*

*f) El personal investigador que sea contratado al amparo de lo dispuesto en este artículo podrá realizar actividad docente hasta un máximo de cien horas anuales, previo acuerdo en su caso con el departamento implicado, con la aprobación de la entidad para la que presta servicios, y con sometimiento a la normativa vigente de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas.*

*Artículo 23. Contrato de investigador/a distinguido/a*

*Los contratos de trabajo bajo la modalidad de investigador/a distinguido/a se podrán celebrar con investigadores/as españoles/as o extranjeros/as de*

*reconocido prestigio que se encuentren en posesión del título de Doctor o Doctora y que gocen de una reputación internacional consolidada basada en la excelencia de sus contribuciones en el ámbito científico o técnico. Asimismo, se podrán celebrar también con tecnólogos/as que gocen de una reputación internacional consolidada basada en la excelencia de sus contribuciones, tanto en el avance de técnicas concretas de investigación, como en valorización y transferencia del conocimiento e innovación que han generado. En ambos casos serán contratados con arreglo a los siguientes requisitos: (...)*

*g) El personal investigador que sea contratado al amparo de lo dispuesto en este artículo podrá realizar actividad docente hasta un máximo de cien horas anuales, previo acuerdo en su caso con el departamento u organismo implicado, con la aprobación de la entidad para la que presta servicios, y con sometimiento a la normativa vigente de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas”.*

Expón un cadro dos tipos de contrato, coa impartición prevista de horas por convocatoria e o máximo permitido. Quedan excluídas do máximo permitido de 100 horas as Margarita Salas e María Zambrano (tampouco a predoutoral EPIF e a posdoutoral da Xunta), que si manterán as Ramón y Cajal, Oportunius, Beatriz Galindo e Retención UVigo. Marta Pazos bota en falta os JIN. O reitor aclara que se aplicaría o mesmo criterio que na súa convocatoria correspondente, como nos demais casos. Marta Pazos pregunta se isto modifica a normativa de POD e de titorías. O reitor entende que non a modifica, pero que se pode tratar na mesa de negociación. Alfonso Lago explica que o último que se aprobou era o máximo de horas que se podían impartir, polo que as titorías non se ven afectadas. Soledad García Fontán expón unhas dúbidas sobre o impacto nos contratos das Margarita Salas e a vicerreitora e o reitor indican que, de haber algún erro, corríxirase. Marta Pazos pregunta pola situación dos posdoutorais da Xunta e a vicerreitora o aclara (e que poderían dar 30 horas no primeiro cuatrimestre e 30 no segundo).

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:42 h. do día 11 de maio de 2023, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral